

## RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

### ASUNTO: APROBACION EXPDTE OP TESOURERIA 2/2015

I. O Concello de Rianxo pretende contratar unha operación de Tesourería por importe de 750.000 €, configurada como unha conta de crédito, para cubrir déficits transitorios de liquidez

O Concello de Rianxo conta cun presuposto en vigor para o exercizo 2015, aprobado mediante acordo plenario de 26 de marzo de 2015, e publicado definitivamente no BOP de 21 de maio de 2015 (número 94)

A Liquidación do Orzamento 2014 foi aprobada por Resolución da Alcaldía número 273/2015, ascendendo os recursos liquidados por operacións correntes a 6.308.624,42 €

II. Pola Alcaldía, en data 20 de xullo de 2015, mediante Decreto número 418/2015, resolvíase a aprobación do Plan de Tesourería do terceiro trimestre/2015, así como a tramitación de expediente para a concertación dunha operación de tesourería de 750.000 €

III. Pola Alcaldía, con data 21 de xullo, dictouse providencia para a tramitación do expediente para a concertación da referida operación de tesourería, número 2/2015

IV. Con data 21 de xullo confecciónase o seguinte Prego:

“PREGO DE CONDICIÓNS QUE REGULARÁN A CONTRATACIÓN DUNHA OPERACIÓN DE TESOURERÍA PARA POR IMPORTE DE 750.000,00 €.

#### 1.- OBJECETO DO CONTRATO.-

O obxecto do contrato é a contratación, dunha operación de tesorería das previstas no artigo 52 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, por importe de 750.000 € e coa finalidade de atender as necesidades transitorias de tesourería desta Corporación.

#### 2.- NATUREZA DO CONTRATO.-

2.1 Apresente operación de tesourería é un contrato excluído do Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

2.2. A Lexislación Mercantil ou civil sobre prestamos só rexirá en canto aos efectos e extinción do contrato.

2.3 A orde xurisdiccional civil será o competente para resolver as controversias que poidan xurdir entre as partes durante a execución do contrato.

#### 3.- CONDICIÓNS MÍNIMAS ESIXIDAS.-

3.1.- Importe nominal máximo da operación: 750.000,00 €. Non se admitirán ofertas fraccionadas por un importe inferior.

3.2.- Duración da operación: será de 37 días. A vida media, para a aplicación do principio de prudencia financeira e a concreción do custo máximo permitido, é de 1,23 meses.

3.3.- Tipo de Xuros de Referencia: o tipo de interés nominal aplicable será variable, referenciado ao EURIBOR A



Documento electrónico cuxa sinatura pode ser validada co código indicado na marxe na **Sede Electrónica do Concello de Rianxo** (<https://sede.concelloderianxo.es>).

O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

UN MES MAIS O DIFERENCIAL OFERTADO (SEN REDONDEOS), sen que o custo financeiro total da operación poda exceder do 0,6115 %, en aplicación do PRINCIPIO DE PRUDENCIA FINANCEIRA previsto no artigo 48 bis do TRLRFL, e de acordo coa Resolución de 7 de xullo da Secretaría Xeral do Tesouro e Política Financeira, pola que se actualiza o Anexo 1 da resolución de 5 de febreiro do mesmo órgano (BOE de 10 de xullo de 2015)

Entenderase por EURIBOR o tipo de xuro que, dacordo coas normas establecidas pola Federación Bancaria Europea, apareza na pantalla Thomson Reuters correspondente á páxina EURIBOR01, ou a que a substitúa, ao redor das 11:00 h. a.m. CET do segundo día hábil posterior ao inicio do período de xuro de que se trate.

3.4.- Amortización: A operación se concerta polo prazo dun mes, existindo a posibilidade de cancelación anticipada da operación, sen comisións.

3.5.- Liquidación de xuros: Mensual. Os xuros calcularanse polo saldo diario disposto aplicando o tipo de xuro correspondente .

3.6.- Instrumentación : Para o seguimento da operación procederase á apertura dunha conta de crédito que deberá estar plenamente operativo dende o día seguinte o da formalización da operación.

#### 4.- DISPOSICIÓN.-

A operación terá a consideración de conta de crédito. As disposicións articularanse mediante ordes de de transferencia ás contas de titularidade municipal abertas en distintas entidades financeiras..

#### 5.- CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN

O tipo de xuro da operación será o único criterio a valorar das ofertas que se presenten. Non se admitirá comisión algunha de dispoñibilidade, indispoñibilidade, funcionamento, nin de cancelación anticipada da operación.

No caso de que, aplicando os criterios de valoración, dous ou máis empresas empaten na maior puntuación terá preferencia na adxudicación aquela empresa que teña no seu cadro de persoal maior número de traballadores con discapacidade (non inferior ao 2% da plantel) de acordo co establecido na disposición adicional 6ª da TRLCSP.

#### 6.-EXPOSICIÓN E PUBLICIDADE

O presente Prego remitirase a tódalas entidades bancarias de praza e ao BBVA Institucións, expoñéndose dende o día da súa aprobación e ata o remate do prazo de presentación de ofertas no Taboleiro de Anuncios e na páxina web do Concello, para que calquera outra entidade interesada poida presentar a súa oferta.

#### 7.- PRESENTACIÓN DAS PROPOSICIÓNS

As proposicións presentaranse en sobre pechado e asinado no exterior polo licitador ou persoa que o represente, no Rexistro Xeral de o Concello de Rianxo, dirixidas ao Sr. Alcalde, segundo modelo normalizado que figura no seguinte apartado.

O prazo de presentación das ofertas rematará o 28 de xullo, ás 14:00 horas. Non se admitirán ofertas que non sexan presentadas polo Rexistro Xeral do Concello no período indicado.

#### 8.- MODELO DE PROPOSICIÓN.-

A proposición presentarase debidamente asinada e datada, conforme ao modelo seguinte; non serán aceptadas aquelas que conteñan omisións, erros ou tachaduras que impidan coñecer o/s criterio/s a valorar na adxudicación.



Documento electrónico cuxa sinatura pode ser validada co código indicado na marxe na **Sede Electrónica do Concello de Rianxo** (<https://sede.concelloderianxo.es>). O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

MODELO:

\_\_\_\_\_, en representación de \_\_\_\_\_,  
cuxo NIF é \_\_\_\_\_, con domicilio en \_\_\_\_\_, calle \_\_\_\_\_, no. \_\_\_\_\_, e Documento Nacional de Identidade \_\_\_\_\_, enterado e aceptando na súa integridade as condicións que figuran no Prego que regula a contratación dunha OPERACIÓN DE TESORERÍA co Concello de Rianxo polo importe de 750.000 €, OFERTAS as seguintes condicións:

\* Importe ofertado: 750.000,00 €

\* Xuro variable: Marxe sobre EURIBOR A 1 MES \_\_\_\_\_ puntos porcentuais

\* Outros gastos ou comisións: comisión de apertura, de non dispoñibilidade, de dispoñibilidade, gastos de estudio, administración, de correo ou calquera outro tipo de gasto ou comisión: CERO”

#### 9.-APERTURA E PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN.-

A apertura das proposicións terá lugar no Salón de Xuntas do Concello, ás 10:000 horas, do día seguinte ao de presentación das proposicións.

A adxudicación correspóndelle ao Alcalde, por non exceder a operación o 15 % do recursos liquidados por operacións correntes no 2014, previo informe proposta da tesourería, no que se analizaranse as ofertas presentadas.

#### 10. FORMALIZACION

O contrato formalizarase no prazo de dous días dende a notificación da adxudicación”

V. Con data 21 de xullo infórmase favorablemente pola Interventora accidental o presente Prego.

No exercicio das atribucións conferidas polo artigo 21 da Lei 7/85,

### RESOLVO:

#### PRIMEIRO

Aprobar o Prego de Condicións que regulan a contratación dunha operación de tesourería por importe de 750.000,00 € para atender necesidades transitorias de tesorería, detallado nos Antecedentes IV do presente Decreto.

#### SEGUNDO

O presente Prego remitirase a todas as entidades financeiras de praza e ao BBVA, expoñéndose ese mesmo día e ata a data final de presentación de ofertas no taboleiro de Anuncios deste Concello e na páxina web do mesmo.



Documento electrónico cuxa sinatura pode ser validada co código indicado na marxe na **Sede Electrónica do Concello de Rianxo** (<https://sede.concelloderianxo.es>). O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

## TERCEIRO

Dar traslado da presente resolución á Tesourería Municipal e á Intervención Municipal

Asinado dixitalmente na data indicada á marxe por Adolfo Muíños Sánchez, alcalde do Concello de Rianxo, ante Carolina Costoya Pardo, secretaria.



Documento electrónico cuxa sinatura pode ser validada co código indicado na marxe na **Sede Electrónica do Concello de Rianxo** (<https://sede.concelloderianxo.es>). O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).